

08 Persoal de administración e servizos

A nivel normativo, e tras dous anos moi intensos e profundamente reformadores, o exercicio 2008 centrouse na consolidación e posta en práctica de accións concretas. Deste xeito, como feitos máis salientables de 2008 destacamos os seguintes:

- **Acordo retributivo co PAS funcionario para o período 2008-2010.** Este acordo, adoptado coa Xunta de Persoal Funcionario, permite acadar un marco que procura unha estabilidade institucional e laboral a curto e medio prazo, conxugando unha certeza retributiva dentro das posibilidades económicas da institución.
- **Nova Relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos.** Constituíuse unha comisión negociadora para desenvolver unha nova RPT do PAS. Para tal efecto, desde a Xerencia realizáronse visitas a todos os centros da Universidade para pulsar *in situ* as necesidades e poder conxugalas coas posibilidades económicas. A renuncia en pleno do comité de empresa do PAS laboral fixo que se continuara tan só coa de funcionarios, á espera da constitución do novo comité para negociar en 2009 a de laborais.

Os traballos desta RPT remataron co informe favorable, por unanimidade, da Xunta de Persoal e a

aprobación, no mes de decembro, polo Consello de Goberno e o Consello Social da nova RPT do PAS funcionario.

- **Acordo de funcionarización para o colectivo do PAS laboral.** En aplicación do que está disposto nos Estatutos da Universidade da Coruña, gran parte do ano 2008 dedicouse á negociación e elaboración dun proceso de funcionarización para o colectivo do PAS laboral, que pretendía, conxugando de xeito equilibrado e harmónico, a integración deste corpo no ámbito funcional. Este acordo debía de ser previo á convocatoria da oposición das prazas vacantes para que as novas incorporacións se fixeran xa baixo unha natureza funcional. A frustrada aceptación deste acordo fixo que se formulara por parte da Xerencia a convocatoria no ámbito laboral, aínda que a falta do preceptivo informe do órgano de representación dos traballadores paralizou esta convocatoria, que está adiada ata que rematen as negociacións, xa iniciadas, do III Convenio colectivo.
- **Renovación do Comité de Empresa do PAS laboral.** Como consecuencia da renuncia do anterior comité, no mes de outubro realizáronse novas eleccións para renovar o órgano de representación dos traballadores

- **Terceiro convenio colectivo.** No mes de decembro decidiuse iniciar a negociación dun novo convenio

Concursos e oposicións

Como xa se indicou, entre as accións previstas para 2008 estaban as convocatorias do PAS laboral. De común acordo co Comité de Empresa, acordouse que o proceso se desenvolvese xa con natureza funcionarial tras o proceso previsto. Ao non se desenvolver a funcionarización, e contando xa cos temarios elaborados e as prazas de promoción interna e quenda libre acordadas, pretendeuse realizar as convocatorias de informáticos e conserxarías, pero a falta do preceptivo informe do comité de empresa, derivado do baleiro de poder pola dimisión, impediu esta convocatoria.

Malia o anterior, en 2008 resolvéronse os seguintes concursos-oposición:

- **Corpo de auxiliares administrativos:**
Cun elevado número de prazas (71), este concurso-oposición rematou no mes de abril de 2008 coa toma de posesión das súas prazas por parte dos aspirantes que aprobaron.
- **Facultativos de bibliotecas:**
De acordo co calendario negociado e previsto, rematou a primeira fase da promoción interna de acceso ao corpo de facultativos de biblioteca. Ao lon-

colectivo, previo á convocatoria de oposicións para a cobertura das prazas vacantes da RPT.

go de 2009 desenvolverase a segunda fase deste concurso-oposición.

- **Axudantes de biblioteca**
De acordo co calendario negociado e previsto, culminou o proceso selectivo de axudantes de biblioteca, proceso que incluía unha quenda de promoción interna e outra de acceso libre.
- **Auxiliares de biblioteca**
Comezou a selección, pola quenda libre de auxiliares de biblioteca, proceso que rematará no primeiro semestre de 2009.

Estas oposicións fixeron que a porcentaxe de funcionarios fixos pasara do 71% en 2007 ao 91% en 2008.

De cara a 2009 queda pendente a culminación do calendario previsto para o PAS funcionario, que inclúe a convocatoria e resolución dun concurso de traslados que afecta de xeito exclusivo aos auxiliares de biblioteca, proceso co que se chega á execución do 100% da RPT aprobada en 2005, no que respecta a PAS funcionario.

Está iniciada, ademais, a negociación dun novo convenio colectivo para os laborais e a convocatoria e execu-

ción das prazas vacantes deste colectivo. Así mesmo, deberase iniciar a negociación dunha nova RPT laboral.

Persoal funcionario	440
Persoal laboral	306
Total	746

Cadro 142 Persoal de administración e servizos en 2008

Posto	Número	Porcentaxe
Administrador	21	5,06
Auxiliar técnico de biblioteca	41	9,88
Bibliotecario	34	8,19
Director de biblioteca	16	3,86
Letrado asesor	1	0,24
Posto base	119	28,67
Secretario de cargos	14	3,37
Secretario administrativo	44	10,60
Secretario de decanato/dirección	22	5,30
Secretario de instituto universitario	6	1,45
Técnico de arquivo	2	0,48
Vicexerente	2	0,48
Xefe de negociado	57	13,73
Xefe de sección	24	5,78
Xefe de servizo	12	2,89
Total	415	100,00

Cadro 143 Postos de RPT de PAS funcionario en 2008

Eventuais	Número
Xefe de Prensa	1
Xefe do Gabinete do Reitor	1

Cadro 144 Postos de RPT de PAS eventual en 2008

Nivel	Número	Porcentaxe
16	169	40,72
18	63	15,18
20	107	25,78
24	37	8,92
25	24	5,78
28	14	3,37
29	1	0,24
	415	100,00

Cadro 145 Postos de RPT de PAS funcionario por nivel en 2008

Grupo	Número	Porcentaxe
A	1	0,24
AB	70	16,87
ABC	41	9,88
BCD	71	17,11
C	41	9,88
CD	191	46,02
	415	100

Cadro 146 Postos de RPT de PAS funcionario por grupo en 2008

Grupo	Número	Porcentaxe
1	51	17,11
2	26	8,72
3	87	29,19
4A	37	12,42
4B	97	32,55
	298	100,00

Cadro 147 Postos de RPT de PAS laboral por grupo en 2008

Grupo	Funcionarios de carreira	Funcionarios interinos	Persoal eventual	Total
A	16	0	2	18
B	87	5	-	92
C	196	21	-	217
D	79	34	-	113
	378	60	2	440

Cadro 148 PAS funcionario da UDC en 2008 por grupo

Grupo	Laborais fixos	Laborais temporais	Total
1	29	14	43
2	7	20	27
3	31	46	77
4A	36	10	46
4B	58	55	113
	161	145	306

Cadro 149 PAS laboral da UDC en 2008 por grupo

Grupo	Homes	Mulleres	Total
A	8	10	18
B	19	73	92
C	49	168	217
D	20	93	113
	96	344	440

Cadro 150 PAS funcionario en 2008 por grupo e sexo

Grupo	Homes	Mulleres	Total
1	30	13	43
2	12	15	27
3	50	27	77
4A	34	12	46
4B	52	61	113
	178	128	306

Cadro 151 PAS laboral en 2008 por grupo e sexo

Grupo	Menor de 10 anos		Entre 10 e 25		Superior a 25		Total
	Número	%	Número	%	Número	%	
A	0	0,00	11	2,50	7	1,59	18
B	11	2,50	62	14,09	19	4,32	92
C	53	12,05	134	30,45	30	6,82	217
D	108	24,55	4	0,91	1	0,23	113
Total	172	39,09	211	47,95	57	12,95	440

Cadro 152 PAS funcionario por antigüidade en 2008

Grupo	Menor de 10 anos		Entre 10 e 25		Superior a 25		Total
	Número	%	Número	%	Número	%	
1	18	5,88	25	8,17	0	0,00	43
2	20	6,54	7	2,29	0	0,00	27
3	50	16,34	23	7,52	4	1,31	77
4A	13	4,25	30	9,80	3	0,98	46
4B	60	19,61	46	15,03	7	2,29	113
Total	161	52,61	131	42,81	14	4,58	306

Cadro 153 PAS laboral por antigüidade en 2008

Grupo	Menor de 30 anos	30-34 anos	35-39 anos	40-44 anos	45-49 anos	50-54 anos	Maior de 54 anos	Total
A	0	0	0	4	4	8	2	18
B	6	0	9	31	21	16	9	92
C	1	13	54	51	35	29	34	217
D	6	40	31	26	6	2	2	113
Total	13	53	94	112	66	55	47	440

Cadro 154 PAS funcionario por idade en 2008

Grupo	Menor de 30 anos	30-34 anos	35-39 anos	40-44 anos	45-49 anos	50-54 anos	Maior de 54 anos	Total
1	0	8	15	13	5	1	1	43
2	4	7	8	1	4	1	2	27
3	8	23	17	14	7	3	5	77
4A	0	3	5	10	9	10	9	46
4B	4	9	13	27	21	21	18	113
Total	16	50	58	65	46	36	35	306

Cadro 155 PAS laboral por idade en 2008